

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

ORDE do 2 de maio de 2014 pola que se establece o réxime de axudas á apicultura e se convocan para o ano 2014.

O Regulamento (CE) núm. 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro, crea unha organización común de mercados agrícolas e establece disposicións específicas para determinados produtos agrícolas (Regulamento único para as OCM). Este último regulamento recolle as axudas aos programas apícolas no artigo 105 e seguintes.

En España, o Real decreto 519/1999, do 26 de marzo, modificado polo Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas, e tamén polo Real decreto 448/2005, do 22 de abril, de modificación destes dous reais decretos citados, establece un réxime de axudas á apicultura no marco dos programas nacionais anuais.

A Comisión Europea aprobou o programa de mellora da produción e a comercialización dos produtos da apicultura presentado por España, na Decisión do 12 de agosto de 2013, pola que se aproba o programa de mellora da produción e a comercialización dos produtos da apicultura presentado polos Estados membros para os anos 2014, 2015 e 2016, de acordo co Regulamento (CE) núm. 1234/2007 do Consello, e que decide a contribución da Unión Europea aos mencionados programas.

No marco do dito programa nacional establécese un réxime de axudas destinadas a mellorar a produción e a comercialización dos produtos da apicultura, no cal a participación financeira corresponde ata un 50 % ao financiamento comunitario, ata un 25 % corresponde ao financiamento do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e a restante porcentaxe á Consellería do Medio Rural e do Mar.

No artigo 108 do Regulamento (CE) núm. 1234/2007 do Consello establécese que os gastos dos Estados membros deberán efectuarse, como máis tarde, o 15 de outubro, data en que se deben ter presentados os xustificantes de gasto por parte do Estado membro da Unión Europea. Para adiantar no posible a data de pagamento das axudas cómpre que os gastos correspondentes ás accións realizadas se xustifiquen ante a Consellería do Medio Rural e do Mar no prazo fixado na resolución de concesión da axuda, sen que en ningún caso poida exceder o 30 de agosto de 2014.



Na súa virtude, de conformidade co disposto no artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confiren o artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras en réxime de concorrencia competitiva das axudas para o fomento daquelas actividades destinadas a mellorar a produción e comercialización dos produtos da apicultura e proceder á súa convocatoria para o ano 2014.

Artigo 2. *Finalidade das axudas, contías e límites*

1. Poderán ser obxecto das axudas, de acordo coa normativa comunitaria, aquelas actividades ou investimentos que estean recollidos no programa nacional e encamiñadas a acadar os obxectivos das seguintes liñas de actuación:

a) Asistencia técnica aos apicultores. A esta liña só poderán optar as agrupacións de apicultores.

1º) Contratación de técnicos e especialistas para a información e asistencia técnica aos apicultores das agrupacións apícolas en materias relacionadas coa produción e a comercialización dos produtos da apicultura, a sanidade apícola e as actuacións de vixilancia e control da *Vespa velutina*.

Poderá subvencionarse a contratación dun máximo de dous técnicos por asociación, sendo necesariamente o primeiro deles un licenciado en veterinaria.

A axuda para a contratación do técnico veterinario poderá ser de ata o 90 % do seu custo, cunha limitación de 27.000 euros, e non poderá ser superior ao valor de 1 euro por colmea rexistrada na correspondente agrupación.

A axuda para a contratación doutros técnicos titulados poderá ser de ata o 50 % do seu custo, cunha limitación de 15.000 euros, e non poderá ser superior ao valor de 0,5 euros por colmea rexistrada na correspondente agrupación.



En todo caso, o importe máximo da axuda nesta liña por agrupación non superará os 42.000 euros.

2º) Cursos e xornadas de formación técnica para os apicultores organizadas polas agrupacións de apicultores, así como asistencia a cursos e xornadas de formación continuada por parte dos técnicos e especialistas das agrupacións de apicultores. Poderá subvencionarse ata o 90 % do seu custo.

3º) Sistemas de divulgación técnica, a través de folletos, catálogos e outras publicacións, así como de soportes audiovisuais e informáticos. Poderá subvencionarse ata o 90 % do seu custo.

b) Loita contra a varroase.

1º) Adquisición de tratamentos quimioterápicos e/ou tratamentos compatibles coa apicultura ecolóxica contra a varroase, autorizados pola Axencia Española do Medicamento e Produtos Sanitarios. Poderá subvencionarse ata o 90 % do seu custo, cun máximo de 4 euros por colmea, e co límite de 18.000 euros para o caso de persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións apícolas.

2º) Sobrealimentación das colmeas, renovación de cera mediante a adquisición de láminas de cera e adquisición de fondos sanitarios. Poderá subvencionarse ata o 50 % do seu custo, co límite de 4 láminas por colmea no caso da renovación de cera. Unicamente poderán optar a esta liña os apicultores beneficiarios da axuda establecida na liña b.1º anterior.

c) Racionalización da transhumancia.

1º) Adquisición de material para a identificación de colmeas e cadros. Poderase subvencionar ata o 70 % do seu custo.

2º) Adquisición de medios de transporte e manexo das colmeas, incluíndo remolques e carretillas, guindastres, mallas de cobertura, sistemas móbiles de extracción de mel e produtos apícolas, así como outros útiles e equipamentos necesarios para facilitar a transhumancia. Non serán subvencionables os custos de reparación ou mantementos destes equipamentos. Poderá subvencionarse ata o 70 % do seu custo.

3º) Mellora e acondicionamento de asentamentos, camiños e sendas. Serán subvencionables soportes para illar colmeas, traballos e utensilios de roza, peches portátiles para



a protección dos asentamentos fronte a depredadores e aqueles outros que, a xuízo do órgano xestor, sexan compatibles con esta liña. Non será subvencionable a realización de traballos con maquinaria pesada para o movemento de terras. Poderá subvencionarse ata o 70 % do seu custo.

4º) Subscrición de seguros de danos propios e responsabilidade civil das colmeas, sempre que as pólizas non cubran garantías xa incluídas no sistema de seguros agrarios combinados. A esta liña poderán acollerse tamén os apicultores con colmeas estantes. Poderá subvencionarse ata o 50 % do seu custo cun límite de 0,5 euros por colmea asegurada.

2. Para o cálculo das axudas terase en conta o número de colmeas que os solicitantes teñen inscritas no Rexistro de Explotacións Apícolas de Galicia, segundo a declaración censual efectuada correspondente ao ano 2013.

3. Os gastos e investimentos obxecto da axuda deberán ter sido realizados no período comprendido entre o 1 de setembro do ano anterior a esta convocatoria e o 31 de agosto de 2014, ambos inclusive, período de duración da campaña apícola de acordo co establecido no artigo 2 do Regulamento de execución (UE) núm. 768/2013 da Comisión, do 8 de agosto de 2013, que modifica o Regulamento (CE) núm. 917/2004, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) núm. 79/2004 do Consello, relativo ás medidas no sector da apicultura.

Artigo 3. *Beneficiarios*

1. Poderán optar ás axudas previstas no artigo 2:

a) Aquelas persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións apícolas. Será requisito para a obtención destas axudas estar inscrito no rexistro oficial apícola da comunidade autónoma, polo menos con anterioridade ao primeiro de xaneiro do ano 2013. Ademais, os beneficiarios deberán cumprir coas obrigas establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

b) Cooperativas apícolas, organizacións representativas e asociacións de apicultores con personalidade xurídica propia, integradas na súa maioría por apicultores que cumpran os requisitos da letra a).

Un mesmo apicultor só poderá ser beneficiario da axuda por unha mesma actuación de forma única para cada unha das súas explotacións, ben sexa a título individual ou ben como integrante dunha cooperativa ou organización representativa.



As alvarizas abandonadas e as colmeas mortas non darán dereito ao cobramento de axudas polo seu titular.

2. Para poderen acollerse ás ditas medidas de axuda os apicultores, a título individual ou como integrantes dunha cooperativa ou organización representativa, deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Dispoñer dun seguro de responsabilidade civil.

b) Ser titulares dunha explotación con máis de 50 colmeas, se solicitan axuda para realizar a transhumancia.

c) Ter realizado a declaración censual anual referida ao ano 2013.

d) Realizar polo menos un tratamento ao ano contra a varroase, de acordo co establecido no Real decreto 608/2006, do 19 de maio, polo que se establece e regula un programa nacional de loita e control das doenzas das abellas do mel.

3. Será preciso presentar a documentación correspondente segundo a seguinte relación:

a) As persoas físicas (apicultores), integradas ou non nunha asociación ou organización de apicultores, presentarán solicitudes individuais, xuntando á solicitude a seguinte documentación:

1º) No caso de representación exixírase autorización para facer a solicitude nos termos exixidos no artigo 32 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2º) Declaración responsable do número de colmeas activas na data da sinatura das cales o solicitante é titular.

3º) Fotocopia das tres follas do libro de rexistro de explotación apícola (Caderno de explotación apícola e transhumancia) nas cales figuren os datos do titular, o tipo e clase de explotación, actualización do número de colmeas e selo dos servizos veterinarios oficiais.

4º) Nas axudas da liña de loita contra a varroase: declaración responsable do veterinario de compromiso previo de execución e posterior xustificación do programa.



5º) Programa de actuación que pretende desenvolver: memoria onde figuren os datos do apicultor, número de colmeas, descrición e finalidade dos investimentos, incluíndo orzamentos ou facturas *pro forma* dos investimentos, desagregado para cada unha das liñas para a que se solicita axuda. De acordo co artigo 29, número 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, de 50.000 euros para obras ou de 18.000 euros para subministración ou prestación de servizos, o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A escolla entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación ou, se é o caso, xunto coa solicitude da axuda, realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, e debe xustificarse expresamente nunha memoria cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

6º) Disponibilidade dos terreos nos cales pretenda facer os asentamentos das alvarizas, así como permisos ou licenza das obras que pretenda realizar para a colocación das colmeas e/ou de adecuación ou mellora dos accesos, se é o caso.

7º) Memoria explicativa da realización da transhumancia (resumo e esquema da situación de orixe das colmeas e do destino onde se pretende realizar a transhumancia e datas probables do movemento), se é o caso.

8º) Xustificación da exclusividade dos equipamentos para a actividade transhumante, de ser o caso.

9º) Xustificación de ter subscrito un seguro de responsabilidade civil.

10º) Declaración da existencia ou non de solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como doutros ingresos ou recursos que financien o proxecto, mediante a declaración que figura no anexo III.



b) As persoas xurídicas (cooperativas apícolas, asociacións e organizacións representativas con personalidade xurídica propia ou calquera outro tipo de sociedade ou entidade) achegarán a solicitude coa seguinte documentación:

1º) Certificación do órgano competente en que se especifique o acordo polo cal se concede autorización para facer a solicitude ao seu asinante. Se actuar en virtude de atribucións fixadas nos estatutos, indícarase así na solicitude, citando a disposición que recolle a competencia. De non ser así, deberá acreditarse a representación conforme o artigo 32 da Lei 30/1992.

2º) Certificación do órgano competente que acredite o desempeño actual do cargo.

3º) Acta de constitución da asociación ou organización ou copia compulsada dos estatutos.

4º) Relación nominal de socios actualizada, en formato electrónico, concretamente nun arquivo Excel que conteña os seguintes campos, de cada un dos socios:

- Nome e apelidos.
- NIF.
- Código REGA da explotación.
- Número de colmeas actualizado ata a data de solicitude.
- Concello/s e localización onde se atopan situadas dentro destes, de cada un dos socios.
- Indicación expresa dos socios incluídos nas liñas b.1º e, se é o caso, b.2º. O mesmo se solicita axuda para a liña c.4º, pero incluíndo o número de colmeas aseguradas de cada socio e especificando as que son estantes e as que son transhumantes.

Todos os datos deberán ir en maiúsculas, sen acentos, e os campos de tipo alfanumérico sen espazos entre os caracteres.

5º) Declaración responsable do número de colmeas activas na data da sinatura, correspondentes aos integrantes da asociación.



6º) Fotocopia das tres follas do libro de rexistro de explotación apícola de cada un dos integrantes nas cales figuren os datos do titular, o tipo e clase de explotación, a actualización do número de colmeas e o selo dos servizos veterinarios oficiais.

7º) Copia do contrato do veterinario responsable da execución do programa sanitario de loita contra a varroase, ou doutros técnicos, se é o caso.

8º) Nas axudas da liña de loita contra a varroase: declaración responsable do veterinario de compromiso previo de execución e posterior xustificación do programa.

9º) Programa de actuación que pretende desenvolver para cada unha das liñas de axudas solicitadas: memoria descritiva de cada actuación onde figuren os datos dos apicultores incluídos no programa ou liña de axuda, número de colmeas, descrición dos investimentos e finalidade deles, incluíndo orzamentos pormenorizados e/ou facturas *pro forma* dos investimentos. De acordo co artigo 29, alínea 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, de 50.000 euros para obras, ou de 18.000 euros para subministración ou prestación de servizos, o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A esolla entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación ou, se é o caso, xunto coa solicitude da axuda, realizarase conforme criterios de eficiencia e economía e debe xustificarse expresamente nunha memoria cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

10º) Xustificación do cumprimento dos puntos 7º, 8º, 9º e 10º do artigo 3.3.a).

4. De acordo co artigo 4, apartado 2 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 (DOG do 16 de xaneiro), pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, os solicitantes non terán a obriga de presentar os documentos dos puntos 3.a.1º, 3.b.1º, 3.b.2º e 3.b.3º que xa fosen presentados. Para facer efectivo este dereito deberán especificar a data en que presenta-



ron os documentos e o órgano a que os dirixiron, sempre que non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento en que se presentaron.

Artigo 4. *Presentación das solicitudes de axuda*

1. O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes, que comezará a contarse a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

2. As solicitudes presentaranse nos rexistros dos órganos dependentes da Consellería do Medio Rural e do Mar. Así mesmo, poderán presentarse nos rexistros de calquera órgano administrativo que pertenza á Administración xeral do Estado, á de calquera Administración das comunidades autónomas ou a algunha das entidades que integran a Administración local se, neste último caso, se subscribiu o oportuno convenio, ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Tamén poderán ser presentadas a través da sede electrónica da Xunta de Galicia no seguinte enderezo <https://sede.xunta.es>

De acordo co artigo 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, as persoas interesadas poderán achegar ao expediente copias dixitalizadas dos documentos, garantindo a fidelidade co orixinal mediante a utilización de sinatura electrónica avanzada. A Xunta de Galicia poderá solicitar do correspondente arquivo o cotexo do contido das copias achegadas. Ante a imposibilidade deste cotexo e, con carácter excepcional, poderán requirir ao particular a exhibición do documento ou da información orixinal. A inclusión de tales copias implica a autorización á Xunta de Galicia para acceder e tratar a información persoal contida en tales documentos.

3. No caso de envío por correo, farase de acordo co regulamentariamente previsto no artigo 31 do Real decreto 1829/1999, do 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regula a prestación dos servizos postais, en desenvolvemento do establecido na Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, que se presentará en sobre aberto, co obxecto de que na cabeceira da primeira folla do documento que se queira enviar se faga constar, con claridade, o nome da oficina e a data, o lugar, a hora e o minuto da súa admisión.



4. As solicitudes axustaranse aos modelos que figuran como anexo I (solicitudes individuais de persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións apícolas) e anexo II (solicitud de cooperativas apícolas e organizacións representativas con personalidade xurídica propia).

Artigo 5. *Tramitación e resolución*

1. O órgano competente para a instrución e tramitación do procedemento é a Dirección Xeral de Producción Agropecuaria. Unha vez recibidas as solicitudes e a súa documentación, serán examinadas polo órgano xestor, que, de observar deficiencias, requirirá a súa emenda ao solicitante, concedéndolle un prazo de dez días, consonte o artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999. Transcorrido este prazo sen que se producise a emenda do expediente, terase por desistido da súa petición, logo da súa resolución.

2. Efectuadas as comprobacións e estudos pertinentes, para a avaliación das solicitudes presentadas constituirase un órgano colexiado constituído para o efecto, integrado por tres funcionarios da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria con categoría non inferior a xefe de negociado, un dos cales actuará como secretario, e que estará presidido polo subdirector xeral de Gandaría, que emitirá un informe que conterá unha relación dos solicitantes para os cales se propón a concesión de subvención e a contía, así como daqueles para os cales se propón a denegación da subvención solicitada. Á vista deste informe, a directora xeral de Producción Agropecuaria elevará a proposta de resolución ao órgano administrativo competente, que resolverá as solicitudes presentadas.

3. Os criterios obxectivos de outorgamento serán os seguintes.

No caso de que as axudas superen o crédito dispoñible, seguirase a prioridade seguinte entre as diferentes liñas sinaladas no artigo 2.1:

- 1) Axudas contidas no punto b.1º.
- 2) Axudas contidas no punto a.1º.
- 3) Axudas contidas no punto b.2º.
- 4) Axudas contidas no punto c.4º.
- 5) Axudas contidas nos puntos c.1º, c.2º e c.3º.
- 6) Axudas contidas nos puntos a.2º e a.3º.



En cada unha das liñas terán prioridade as solicitudes presentadas por asociacións de apicultores con personalidade xurídica propia sobre as presentadas polo resto das persoas físicas e xurídicas. Así mesmo, tanto entre as primeiras como entre estas últimas, terán prioridade as das asociacións ou os apicultores que reúnan maior número de colmeas, con excepción das axudas contidas no punto c.4º, nas cales a prioridade corresponderá a aquelas solicitudes que reúnan maior número de colmeas transhumantes.

As axudas serán adxudicadas a aquelas solicitudes que queden colocadas diante na prelación establecida en función dos criterios anteriores. A determinación da contía será a fixada no artigo 2 para todos os beneficiarios, ata o esgotamento do crédito dispoñible.

4. A resolución do expediente corresponde ao secretario xeral do Medio Rural e Montes por delegación da conselleira do Medio Rural e do Mar, por proposta da directora xeral de Produción Agropecuaria, no prazo máximo de cinco meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta orde. As resolucións serán notificadas ás persoas interesadas, segundo o previsto na normativa vixente. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, as solicitudes poderán entenderse desestimadas por silencio administrativo.

Artigo 6. *Recursos administrativos*

As resolucións expresas ou presuntas dos expedientes tramitados en aplicación desta orde esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer os seguintes recursos:

1. Potestativamente recurso de reposición ante a conselleira do Medio Rural e do Mar, no prazo dun mes, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses, que comezarán a contar a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo os casos, de conformidade co establecido nos artigos 107, 116 e 117 da Lei 30/1992, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999.

2. Directamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses, que comezarán a contar a partir do día seguinte ao da súa notificación.

Artigo 7. *Xustificacións e pagamento*

1. A data límite para a presentación das xustificacións técnicas e económicas da realización do programa será o 30 de agosto de 2014, preferentemente nos rexistros dos órganos



dependentes da Consellería do Medio Rural e do Mar. Así mesmo, poderán presentarse nos rexistros de calquera órgano administrativo que pertenza á Administración xeral do Estado, á de calquera Administración das comunidades autónomas ou a algunha das entidades que integran a Administración local se, neste último caso, se subscribiu o oportuno convenio, ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. No caso de envío por correo, farase de acordo co regulamentariamente previsto no artigo 31 do Real decreto 1829/1999, do 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regula a prestación dos servizos postais, en desenvolvemento do establecido na Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, que se presentará en sobre aberto, co obxecto de que na cabeceira da primeira folla do documento que se queira enviar se faga constar, con claridade, o nome da oficina e a data, o lugar, a hora e o minuto da súa admisión.

3. O pagamento tramitarase logo de xustificación da execución do proxecto no prazo sinalado e, para tal efecto, o beneficiario deberá presentar a seguinte documentación:

a) Memoria de realización da actividade en que se indiquen as datas de realización, o número de asistentes a cursos, de ser o caso, e outros aspectos de interese, á cal se xuntará a documentación relacionada coa actividade, tal como programas, folletos, notas de prensa e outros.

b) Facturas, nóminas, orixinais ou fotocopias compulsadas e xustificación de pagamento dos gastos realizados (movemento bancario), xunto cunha relación delas cos importes agrupados polos conceptos que se describiron na memoria de solicitude. No caso de pagamento de salario, gratificacións, etc., deberá constar a retención correspondente polo IRPF e a xustificación do seu ingreso na Facenda.

c) Se a actividade subvencionada corresponder á publicación en formato impreso, audiovisual ou multimedia de orixinais de material didáctico ou de divulgación sobre temas apícolas, dirixidos á formación en materia apícola, incluída a súa preparación e elaboración sempre que a súa finalidade sexa a distribución de balde entre o público, entregárase ademais do establecido no parágrafo anterior, un exemplar orixinal ou unha copia equivalente do material realizado ou algún exemplar editado no caso de que sexa impreso, cunha memoria que indique o seu destino e a xustificación da distribución.



d) No programa de loita contra a varroase, certificación do veterinario responsable acerca da/s explotación/s en que foi executado:

- Nome e apelidos.
- NIF.
- Código REGA da explotación.
- Identificación da/s receita/s empregada/s.
- Número de colmeas implicadas.

– Nome comercial e doses de tratamento químico empregado, de ser o caso, e de cumprimento da normativa vixente en materia de medicamentos veterinarios. Ademais, o beneficiario deberá achegar a copia das receitas medicamentosas emitidas para o tratamento contra a varroase na súa explotación ou nas explotacións integrantes para o caso das cooperativas apícolas, organizacións representativas e asociacións de apicultores con personalidade xurídica propia.

4. A contía das axudas será satisfeita, unha vez realizados os investimentos previstos en cada caso, tras a súa comprobación por parte dos servizos correspondentes da Consellería do Medio Rural e do Mar. En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

5. O incumprimento das obrigas asumidas polo beneficiario suporá a perda total ou parcial da axuda, así como a obriga de restituír as cantidades percibidas, sen prexuízo doutras responsabilidades en que puidesen incurrir os beneficiarios.

Artigo 8. *Outras condicións*

En toda a documentación publicada relacionada coas actividades obxecto da axuda farrase constar a frase «Esta actividade foi realizada cunha axuda económica da Consellería do Medio Rural e do Mar, do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e fondos Feaga da Unión Europea», cos correspondentes logotipos institucionais.



Artigo 9. *Concorrenza con outras axudas*

A obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, e a alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda poderán dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Artigo 10. *Control da execución das actuacións*

1. O control da execución dos programas levarao a cabo a Dirección Xeral de Producción Agropecuaria, realizando as comprobacións e inspeccións que considere necesarias, a fin de comprobar a veracidade dos datos e da documentación presentada, así como do lóxico seguimento e control das axudas concedidas.

2. Os beneficiarios deberán comunicar por escrito, se é o caso, as datas e as horas de realización das actividades obxecto de axuda con prazo suficiente para poder efectuar as comprobacións que se consideren oportunas. Ademais, están obrigados a facilitar todos os labores de inspección ao persoal técnico das distintas administracións que cofinancian o programa, achegando todos os datos que sobre o particular lles sexan solicitados.

3. O beneficiario ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida polo órgano xestor, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas, o Tribunal de Contas e o Servizo de Auditoría Interna do Fogga no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

4. No suposto de que, unha vez notificada a resolución de concesión, haxa algunha variación no calendario, nos prazos de execución da actividade sinalados na memoria da solicitude ou calquera outra modificación, será comunicada á Dirección Xeral de Producción Agropecuaria coa antelación suficiente para que poida realizar as comprobacións que considere necesarias, para efectos de tramitar e propoñer a aprobación ou denegación da devandita modificación.

Artigo 11. *Financiamento*

1. O financiamento das axudas recollidas na presente orde efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 12.22.713E.770.2 dos orzamentos da Comunidade Autóno-



ma de Galicia, na cal existe crédito adecuado para o ano 2014 de catrocentos mil euros (400.000 euros). Esta axuda está cofinanciada polo Feaga da UE ata un 50 %, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (Magrama) ata un 25 % e a porcentaxe restante a Xunta de Galicia en virtude do Regulamento (CE) 1234/2007 do Consello, e o Real decreto 519/1999, do 26 de marzo, polo que se regula o réxime de axudas á apicultura no marco dos programas nacionais anuais. As ditas aplicacións orzamentarias poderán incrementarse con fondos adicionais, comunitarios, estatais e da comunidade autónoma

2. En ningún caso poderá a axuda financeira do Estado membro ser superior á da Comunidade, en virtude do artigo 1 da decisión da Comisión do 10 de agosto de 2007. Por tanto, a contía total de axudas aprobadas dependerá do importe do Feaga consignado a Galicia na repartición estatal.

3. De conformidade co disposto no número 4 do artigo 5 do Real decreto 519/1999, cando o importe das resolucións ditadas exceda, no que respecta aos importes que se financien mediante fondos achegados polo Magrama, as contías aprobadas para a Comunidade Autónoma de Galicia, procederase a reducir proporcionalmente as contías unitarias das axudas.

4. Igualmente, as resolucións poderán ser modificadas incrementando a contía das axudas, para readxudicar a parte de crédito autorizado e non utilizado e recoñecido en obrigação dentro do exercicio, por falta de xustificación polos beneficiarios da realización das actuacións ou incumprimento do resto das súas obrigas, sempre que non se excedan as limitacións establecidas nesta orde e seguindo a mesma orde de prioridade sinalada no artigo 5.

Artigo 12. *Reintegro da axuda, infraccións e sancións*

1. O interesado ten a obriga do reintegro, total ou parcial, da subvención ou axuda pública percibida nos supostos previstos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como no seu réxime de infraccións e sancións.

2. Se, como consecuencia dos controis, se detectaren incumprimentos na execución do programa aprobado en aspectos relevantes para a súa efectividade, aplicaranse deducións sobre as axudas aprobadas ponderando a gravidade e frecuencia dos incumprimentos.



As deducións parciais aplicables serán as seguintes:

– Do 5 % do importe da axuda para o caso de incumprimentos relevantes detectados no 10 % das explotacións inspeccionadas ou controis realizados.

– Do 15 % do importe da axuda para o caso de incumprimentos relevantes detectados no 20 % das explotacións inspeccionadas ou controis realizados.

– Do 25 % do importe da axuda para o caso de incumprimentos relevantes detectados no 30 % das explotacións inspeccionadas ou controis realizados.

– Do 50 % do importe da axuda para o caso de incumprimentos relevantes detectados no 40 % das explotacións inspeccionadas ou controis realizados.

En caso de detectar un mesmo tipo de incumprimento na execución do programa sanitario en máis dun 40 % das explotacións gandeiras inspeccionadas, perderase o dereito á axuda.

Artigo 13. *Consentimentos e autorizacións*

1. A presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, e debe presentar entón a certificación nos termos previstos regulamentariamente.

2. As solicitudes das persoas interesadas irán acompañadas dos documentos e das informacións determinadas no artigo 3, salvo que os documentos exixidos xa estean en poder de calquera órgano da Administración actuante; neste caso a persoa solicitante poderá acollerse ao establecido na letra f) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponda.



Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirir á persoa solicitante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

3. De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, poidan impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade.

Disposición adicional primeira

En todas aquelas cuestións non previstas na presente orde será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, BOE núm. 276 do martes 18 de novembro de 2003, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición adicional segunda

Facúltase a directora xeral de Producción Agropecuaria para ditar as instrucións precisas para a aplicación desta orde.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2014

Rosa María Quintana Carballo
Conselleira do Medio Rural e do Mar





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

ANEXO I

| | | |
|---|------------------------|------------|
| PROCEDEMENTO | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO | DOCUMENTO |
| RÉXIME DE AXUDAS Á APICULTURA: SOLICITUDE INDIVIDUAL DE PERSOAS FÍSICAS OU XURÍDICAS TITULARES DE EXPLOTACIÓNS APÍCOLAS | MR506A | SOLICITUDE |

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL NIF

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX ENDEREZO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX ENDEREZO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para que solicita esta subvención.

Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para que solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

| ORGANISMO | IMPORTE (€) |
|-----------|-------------|
| | |
| | |
| | |

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3. Non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.f) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

CVE-DOG: 5wjhbyo7-wsf5-kkd1-ypp6-m2vtrrfidwkw1





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MARANEXO I
(continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- Xustificación da representación (autorización para facer a solicitude).
- Declaración responsable do número de colmeas activas na data da solicitude.
- Copia das follas do libro de rexistro.
- Declaración responsable do veterinario sobre o programa de loita contra a varroase, se é o caso.
- Programa de actuación que se pretende desenvolver (memoria onde figuren datos do apicultor, colmeas, descrición das obras ou investimentos e finalidade destes, facturas *pro forma* dos investimentos) para cada liña de axuda solicitada.
- Memoria explicativa da realización da transhumancia, se é o caso.
- Disponibilidade dos terreos para a realización da transhumancia, se é o caso.
- Autorización das obras e dispoñibilidade dos terreos, se é o caso.
- Xustificación de exclusividade do equipamento para a actividade transhumante, se é o caso.
- Xustificación de ter subscrito un seguro de responsabilidade civil.

Autorizo a Consellería do Medio Rural e do Mar, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos datos de identidade do solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

SI NON (neste caso presentárase a documentación correspondente)

De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, a Consellería do Medio Rural e do Mar publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde. Inclúirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, se poidan impoñer nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 2 de maio de 2014 pola que se establece o réxime de axudas á apicultura e se convocan para o ano 2014.

SIGNATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de 

Dirección Xeral de Produción Agropecuaria





ANEXO II

| | | |
|---|---|--------------------------------|
| PROCEDEMENTO RÉXIME DE AXUDAS Á APICULTURA: SOLICITUDE DE COOPERATIVAS APÍCOLAS E ORGANIZACIÓNS REPRESENTATIVAS CON PERSONALIDADE XURÍDICA PROPIA | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR506B | DOCUMENTO SOLICITUDE |
|---|---|--------------------------------|

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL NIF

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX ENDEREZO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX ENDEREZO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para que solicita esta subvención.

Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para que solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

| ORGANISMO | IMPORTE (€) |
|-----------|-------------|
| | |
| | |
| | |

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3. Non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.f) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

CVE-DOG: 5wjhbyo7-wsf5-kkd1-ypp6-m2vtrrfidwk1





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

ANEXO II
(continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- Certificación do órgano competente do acordo polo que se autoriza para facer a solicitude ao asinante e na cal se acredite o desempeño actual do cargo.
- Acta de constitución da entidade ou copia compulsada dos estatutos.
- Relación nominal dos socios (en programa actualizado) con NIF e número de colmeas de cada un.
- Declaración responsable do número de colmeas activas na data de solicitude correspondentes aos integrantes da asociación.
- Copia das follas do libro de rexistro de cada un dos apicultores integrantes.
- Programa de actuación que se pretende desenvolver (memoria onde figuren datos do apicultor, colmeas, descrición das obras ou investimentos e finalidade destes, facturas *pro forma* dos investimentos) para cada liña de axuda solicitada.
- Copia do contrato do veterinario, se é o caso.
- Declaración responsable do veterinario sobre o programa de loita contra a varroase, se é o caso.
- Xustificación do cumprimento dos puntos 7º, 8º, 9º e 10º do artigo 3.3.a), se é o caso.

Autorizo a Consellería do Medio Rural e do Mar, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos datos de identidade do solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

SI NON (neste caso presentarase a documentación correspondente)

De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, a Consellería do Medio Rural e do Mar publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, se poidan imponer nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 2 de maio de 2014 pola que se establece o réxime de axudas á apicultura e se convocan para o ano 2014.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



Dirección Xeral de Produción Agropecuaria



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

